



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A FIRMA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARÍNO (INTECMAR) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DE ALUMNOS DO GRAO EN BIOLOXÍA DA FACULTADE DE CIENCIAS.

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións das Universidades, por iso é polo que sexa un dos obxectivos da USC o complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permite coñecer a realidade laboral.

A Administración non debe ser allea á necesidade dun maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, alcanzando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante, establece no seu art. 8.f o dereito dos estudantes á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas. O Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinos impartidos pola Universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.

Con esta finalidade, o INTECMAR xa ten asinados convenios de colaboración educativa coas tres universidades galegas.

Co novo Convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa coa Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela, no que se delimiten as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas. No Convenio determínanse os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación das prácticas realizadas polos estudantes nas instalacións do Intecmar. Establécese que a relación destes co Intecmar en ningún caso terá carácter laboral, e por tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no Estatuto dos Traballadores. As actividades realizadas polos estudantes sempre estarán orientadas á aprendizaxe práctica tutorizada, polo que non poderán realizar tarefas de responsabilidade.





O texto deste convenio segue fielmente a redacción dos anteriormente asinados coa Universidade de Santiago. Do mesmo xeito que os anteriores, este convenio non xerará gastos ao Intecmar, polo que non é preciso elaborar unha memoria económica.

Vilagarcía de Arousa, 26 de xaneiro de 2018
Subdirector do Intecmar

José Molaes Vila

